



RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL POLA QUE SE APROBA A MEMORIA AMBIENTAL CORRESPONDENTE AO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DA ESTRADA.

CLAVE: 2007AAE0090

ANTECEDENTES

1. O Concello da Estrada, como órgano promotor, comunicou o 22 de febreiro de 2007 o inicio da tramitación do seu *Plan xeral de ordenación municipal* (en diante Plan ou PXOM), á anteriormente denominada Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, acompañando dita comunicación dun Documento de inicio.
2. Segundo o establecido no artigo 5.b) da *Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia*, os Plans xerais serán, en todo caso, obxecto da Avaliación ambiental estratéxica prevista na *Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente*.
3. O Documento de inicio foi exposto ao público a través da dirección web <http://aae.medioambiente.xunta.es>, abríndose un prazo de consultas dende o 8 de marzo ao 8 de abril de 2007. Durante este período, consultouse a todos os membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para que realizasen os comentarios que estimasen pertinentes en relación ao Plan.
4. Tomando como base o Documento de inicio e o resultado das devanditas consultas, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible elaborou o Documento de referencia previsto polo artigo 9 da Lei 9/2006, remitíndoo ao órgano promotor o 4 de maio de 2007.
5. O Concello da Estrada elaborou a proposta de Plan incluíndo o Informe de sustentabilidade ambiental, sendo aprobado inicialmente por acordo do Pleno da Corporación Municipal o 17 de setembro de 2009. O proceso de consultas e información pública realizouse durante dous meses a partir do día seguinte da publicación do anuncio no DOG número 205, do 20 de outubro de 2009, e nos xornais *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo*, do mesmo día.
6. En data do 21 de setembro de 2011, recíbese na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a documentación relativa ao Plan, para seguir co procedemento de avaliación ambiental.
7. Á vista da citada documentación e do resultado do procedemento de Avaliación ambiental estratéxica, os servizos técnicos da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental elaboraron a correspondente Memoria ambiental.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- I. O artigo 13 do *Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, tendo a condición de órgano ambiental competente na Comunidade Autónoma de Galicia para a tramitación do procedemento de Avaliación ambiental estratéxica.
- II. Coa entrada en vigor da *Lei 2/2010, do 25 de marzo de 2010, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia* (LOUG), o procedemento de Avaliación ambiental estratéxica pasa a constituír parte do propio contido do planeamento urbanístico, atendendo aos requirimentos da Directiva europea 42/2001/CE e da Lei 9/2006, que no seu artigo 7.1 recolle a necesidade de que a lexislación sectorial reguladora de plans e programas integre o proceso de avaliación ambiental nos procedementos administrativos aplicables para a súa elaboración e aprobación.
- III. Así mesmo, coa Lei 2/2010 introdúcese, no seu artigo 85.4, o deber de valorar por parte do órgano ambiental a vixencia do Informe de sustentabilidade ambiental no caso de que transcorresen tres anos ou máis dende que se emitiu o Documento de referencia ata que chega a documentación para Memoria ambiental.
- IV. A presente Memoria ambiental elabórase conforme aos artigos 12 da Lei 9/2006 e 85.5 da Lei 9/2002, debendo quedar reflectidas as súas determinacións no documento do Plan que se aprobe definitivamente.



Visto canto antecede,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a Memoria ambiental do *Plan xeral de ordenación municipal do Concello da Estrada*, que se xunta.

Segundo.- Darlle cumprimento ao establecido no artigo 85.4 da LOUG.

Terceiro.- Dar publicidade á presente Resolución no Diario Oficial de Galicia.

Cuarto.- Notificar esta Resolución ao Concello da Estrada, aos efectos oportunos.

O resultado do proceso de participación pública e consultas figura no anexo I.

Sen prexuízo dos deberes de publicidade que corresponden ao órgano promotor conforme ao artigo 14 da Lei 9/2006, os documentos xerados durante a tramitación (Documento de inicio, Documento de referencia e Memoria ambiental) permanecerán a disposición do público no enderezo da internet <http://aae.medioambiente.xunta.es>.

Santiago de Compostela, a 20 de xaneiro de 2012

O Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Justo de Benito Basanta



MEMORIA AMBIENTAL do Plan xeral de ordenación municipal do Concello da Estrada

1. Resumo do Plan

O Concello da Estrada carece dun instrumento de planeamento xeral, rexéndose polas normas de aplicación directa da LOUG e, no que non se opón a estas, polo *Decreto 207/2006, do 16 de novembro, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal da Estrada e se aproba a ordenación urbanística provisional aplicable ata a entrada en vigor do novo Plan xeral*.

O termo municipal, de 280,80 km² (IGE 2011) de superficie pertence á comarca Tabeirós–Terra de montes, sitúase ao norte da provincia de Pontevedra e limita cos Concellos de Silleda, Boqueixón, Vedra, Teo, Padrón, Pontecesures, Valga, Cuntis, Campo Lameiro, Cerdedo e Forcarei.

Atendendo ao relevo, sitúase nunha zona de transición entre as áreas costeiras e de interior. Segundo se expón na documentación aportada, as parroquias situadas ao norte, no val do río Ulla a menos de 100 m de altitude, teñen un modelo de asentamento semellante ao das zonas costeiras, mentres que as do sur, inseridas plenamente na dorsal meridiana e nalgúns casos a máis de 1.000 m de altitude, aseméllanse máis ás de zonas de interior.

En canto aos valores naturais, no Concello destaca a existencia de dúas áreas catalogadas como Zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN) e Lugar de interese comunitario (LIC), diversos hábitats prioritarios (*Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade*), varios humidaes incluídos no Inventario de humidaes de Galicia (*Decreto 127/2008, do 5 de xuño*), árbores senlleiras entre as que figura o “Abeto branco de Carballal” recentemente catalogado (*Orde do 3 de outubro de 2011 que actualiza o Catálogo galego de árbores senlleiras*), o espazo denominado tramo alto do Umia incluído no Catálogo de Espazos de Interese Natural do anexo Espazos Naturais, Coutos de Pesca e Zonas de veda por Sistemas de explotación do vixente Plan Hidrolóxico Galicia Costa (PHGC) e o Bico de Curantes, delimitado nas normas subsidiarias provinciais. Ademais, parte do territorio municipal está catalogado como zona de protección para a avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión (*Real decreto 1432/2008, do 29 de agosto*). Respecto dos valores culturais, subliñar a presenza de dous Bens de interese cultural (BIC) declarados e o trazado da Vía da Prata, pertencente ao Camiño de Santiago, que transcorre polas parroquias de Orazo, Loimil e Oca, ao nordeste do Concello.

No referente á ordenación proposta, co PXOM en tramitación procúrase a ampliación do solo e dos servizos, así como facilitar a mobilidade interna.



Clase de solo	Superficie (m ²)
Urbano	1.900.503,36
Consolidado	1.766.615,36
Non consolidado (residencial)	133.888,00
Urbanizable	1.728.238,00
Urbanizable delimitado	1.544.331,00
Urbanizable non delimitado	183.907
Núcleo rural	14.051.986,00
Núcleo rural histórico-tradicional	8.959.387,00
Núcleo rural común	5.092.599,00
Rústico	264.119.272,64
Protección dos espazos naturais	43.232.670,00
Protección de augas	31.173.493,00
Protección do patrimonio	844.653,00
Protección forestal	108.116.614,00
Protección paisaxística	496.413,00
Protección agropecuaria	71.952.426,17
Protección de infraestruturas	8.122.978,47
Protección ordinaria	180.025,00
Total municipio	281.800.000,00

A programación do Plan estrutúrase nun horizonte de tres cuadrienios, nos que se prevé desenvolver sistemas xerais (zonas verdes, infraestruturas de comunicación, dotacionais e básicas), solo urbanizable delimitado e non delimitado.

No referente á vivenda, tras estimarse unha demanda potencial de 18.300 vivendas, o Plan oferta 7.630 vivendas en solo urbano, urbanizable e de núcleo rural, previndo executar unicamente 1.850 en solo urbano non consolidado e urbanizable delimitado.

En canto aos servizos urbanísticos básicos, segundo a documentación presentada, non está garantido o servizo de abastecemento en todos os núcleos, propoñéndose tres novas captacións que darán cobertura ás parroquias de Guimarei, Nigoi, Ouzande, Parada, Somoza e Tabeirós. No tocante ao saneamento, este servizo resólvese a través de depuradoras, fosas sépticas ou pozos negros, estando en fase de execución as depuradoras de Xerlís, A Torre e Sabucedo e prevíndose a ampliación de varios bombeos, a construción dunha EDAR en Ouzande e a humanización da Avenida Benito Vigo.

Segundo as Directrices de ordenación do territorio (DOT) aprobadas definitivamente polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, o núcleo da Estrada clasifícase como *nodo do sistema urbano intermedio*, definíndose, por unha banda, como un elemento de relación e conexión costa-interior do sistema urbano de Galicia debido á súa posición central na Comunidade e, por outra, como un ámbito clave para o equilibrio territorial, a cohesión social e o aproveitamento integral das oportunidades de actividade de todo o territorio. As DOT tamén clasifican a totalidade do territorio municipal como *ámbito de interese patrimonio cultural* pola existencia de dous BIC.



2. Análise do proceso de Avaliación ambiental estratéxica

2.1 Integración das variables de sustentabilidade e os seus criterios na elaboración do Plan

2.1.1 Análise dos condicionantes previos no ámbito de influencia

Na documentación do Plan, descríbense os condicionantes ambientais, sociais e económicos que inflúen no planeamento do Concello, aínda que de forma incompleta, polo que a continuación se detallan aqueles elementos ou aspectos que non foron identificados ou debidamente tratados.

En canto ao medio natural analizouse a vexetación potencial e actual, o grao de protección da fauna existente, os hábitats prioritarios e os espazos de interese ambiental. Tal como se sinala, esta información aparece máis detallada no *Estudo do medio rural*; no entanto, bótase en falta a mención aos montes de rodais selectos con presenza no Concello, ao “Abeto branco de Carballal” recentemente catalogado como árbore senlleira na normativa autonómica, ao Bico de Curantes delimitado nas normas subsidiarias, ao tramo alto do Umia declarado polo vixente PHGC, á zona cualificada como de protección para a avifauna polo Real decreto 1432/2008, do 29 de agosto e á posible ampliación dos LIC e ZEPVN existentes polo Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, actualmente en fase de información pública.

No que se refire ao medio socioeconómico e cultural, as variables analizadas foron a poboación, a actividade económica, a integración social e o patrimonio. Sobre o patrimonio, sinalar que o Plan, salvo na *Normativa* e no *Catálogo de bens e elementos a protexer*, non identifica o trazado da Vía da Prata que transcorre polas parroquias de Orazo, Loimil e Oca, ao nordeste do Concello.

No tocante ao medio territorial, analizáronse as variables de medio urbano, medio rural e vivenda. Salientar que se atopan incoherencias en canto o número de asentamentos nos diversos documentos do Plan, ademais, en ningún caso, os datos aportados se corresponden coas fontes oficiais.

Ao respecto da mobilidade, identificáronse a totalidade de estradas existentes; no entanto, non se identificou o trazado da AG-59 (Ramallosa-A Estrada) proxectado, así como tampouco se citan as liñas de ferrocarril que transcorren pola parroquia de San Miguel de Castro, ao nordeste do Concello.

En canto aos recursos e residuos descríbense as principais características das variables solo, ciclo hídrico, enerxía, xestión de residuos e emisións contaminantes, indicándose que o detalle desta información figura no *Estudo do medio rural*. Referente á enerxía, non se mencionan as principais liñas eléctricas que atravesan o Concello, os parques eólicos existentes (Plan sectorial eólico de Galicia), a minicentral hidroeléctrica en explotación do río Liñares identificada polo PHGC, nin a minicentral hidroeléctrica situada no río Umia citada na *Normativa* do Plan. No que respecta ás emisións, non se identifican os principais focos de contaminación.



En relación coa paisaxe protéxense 8 áreas de interese paisaxístico resultantes do estudo da paisaxe realizado.

Finalmente analízase o marco legal–institucional facéndose unha relación incompleta e non actualizada dos Plans e da normativa con incidencia no PXOM, na que deberían figurar as DOT, o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, o Plan sectorial eólico de Galicia e o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, entre outros.

2.1.2 Obxectivos

A descrición de obxectivos en diferentes documentos do Plan dificulta a súa comprensión e lectura. Entre os obxectivos relacionados figuran obxectivos xerais, específicos de ordenación e específicos de sustentabilidade. No entanto bótanse en falta os obxectivos de protección ambiental fixados pola normativa internacional, comunitaria, nacional e autonómica requiridos no DR.

Os obxectivos xerais do Plan resúmense nos seguintes:

- ✓ Diseñar un modelo urbano e levar a cabo un aproveitamento urbanístico que poña en valor o sector do moble e incremente a calidade de vida da poboación.
- ✓ Reforzar e mellorar a mobilidade no Concello e coa súa contorna.
- ✓ Equilibrar a calidade de vida e servizos do medio urbano e rural.
- ✓ Manter e fortalecer o sistema de núcleos actual, potenciar a rehabilitación e recuperación do seu patrimonio arquitectónico e eliminar usos non desexados e incompatibles co seu uso residencial.
- ✓ Poñer en valor e potenciar o medio rural, os recursos naturais e o patrimonio cultural co fin de manter a calidade do medio rural e natural.

Como obxectivos específicos de ordenación detállanse:

- ✓ Diseñar unha estrutura urbana de calidade, pechando e compactando o núcleo urbano.
- ✓ Concentrar o solo industrial de maneira que se reduzan os potenciais impactos asociados, se fomenten as sinerxías e se enriqueza este tecido socioeconómico.
- ✓ Consolidar os solos dos núcleos rurais evitando a dispersión.
- ✓ Estructurar unha grande área de espazos libres e zonas verdes adscritos aos sistemas xerais de dominio e uso público, vinculada á proposta de rolda verde cuxo trazado percorre e pecha o núcleo urbano.
- ✓ Consolidar e mellorar a rede de infraestruturas básicas.
- ✓ Conservar a paisaxe natural e os seus compoñentes individualizados, conservar e recuperar o patrimonio cultural, conseguir áreas de interese para uso público que formen parte do



sistema xeral de espazos libres do Concello, recoñecer e potenciar áreas con alto valor ecolóxico incluídas ou non en inventarios de espazos naturais e ordenar as actividades vinculadas co aproveitamento dos recursos naturais e transformación de produtos vinculados ao sector primario.

Os obxectivos específicos de sustentabilidade cítanse a nivel de cada variable, correspondéndose cos criterios ambientais establecidos no DR.

2.1.3 *Análise das alternativas*

A análise de alternativas efectuada adecúase ao requirido no DR, xa que inclúe a descrición das alternativas propostas e da metodoloxía de avaliación, unha comparativa entre as diferentes alternativas e a xustificación da alternativa seleccionada. Non obstante, detéctanse determinadas incoherencias na redacción referentes a normativa urbanística vixente, que será en todo caso o Decreto 207/2006 de suspensión das normas subsidiarias municipais, e á superficie das diferentes categorías de solo da alternativa seleccionada.

Co fin de facilitar a avaliación e comparación das alternativas, recoméndase describir máis en detalle as actuacións propostas por cada alternativa e reflectilas nun plano.

2.1.4 *Análise dos efectos da alternativa seleccionada sobre as variables de sustentabilidade e o deseño de medidas*

O promotor, partindo da comparativa das alternativas, identifica os efectos do planeamento sobre cada variable, valorando a súa importancia mediante un método cuantitativo que segue os criterios do Real Decreto 1131/1988 de avaliación de impacto ambiental. Os resultados se presentan nunha matriz de caracterización.

Para a definición de medidas correctoras e preventivas unicamente se teñen en conta os efectos definidos como “máis severos” (8 efectos dos 31 identificados), xa que, segundo se expón, o resto dos efectos aparecerán en fases posteriores á planificación.

A pesar que a análise dos efectos se axusta ao establecido no DR, sería conveniente incluír unha lenda que permita a interpretación das cores da matriz de caracterización, así como describir con detalle os efectos esperados para cada variable. Así mesmo, deberían establecerse medidas preventivas para cada un dos efectos detectados, sen limitarse aos “máis severos”.

De forma particular, no ISA se identifican algúns efectos derivados do desenvolvemento e actividade da Cidade do Moble, propoñéndose medidas preventivas e correctoras concretas. Aínda que é apropiado que este Proxecto sectorial se considere no PXOM, debe terse en conta que foi sometido ao procedemento de AAE, polo que atenderá de forma específica aos documentos relacionados.



A continuación avalíase a integración dos criterios ambientais no planeamento para cada unha das variables afectadas, facéndose as consideracións necesarias para garantir un desenvolvemento sustentable e acorde cos obxectivos do Plan.

Consumo de solo

De forma xeral, o Plan ordena numerosas bolsas de solo de uso residencial e industrial repartidas por todo o territorio, garantindo así a súa regulación. Tamén promove a execución de infraestruturas coas que resolver as deficiencias existentes no saneamento, no abastecemento, nos sistemas xerais e nas comunicacións, aínda que, como ben se sinala, ditas actuacións supoñen a perda permanente de usos do solo e de solo fértil.

Considérase que o tratamento desta variable é adecuado, dado que as actuacións citadas resolverían a problemática actual, son coherentes cos obxectivos do Plan e dispoñen de medidas preventivas e correctoras e de indicadores de seguimento,

Ciclo hídrico

Respecto á contaminación do recurso hídrico, segundo información do PHGC, no Concello se detectan varios cursos fluviais en mal estado que o Plan non identifica; no entanto, establece un programa de prevención, control e seguimento das condicións hídricas superficiais e subterráneas.

No tocante aos sistemas de abastecemento e saneamento, xúntase un documento de garantías no que se detallan as actuacións que o Plan levará a cabo para resolver as súas deficiencias.

De cara a promover o aforro e eficiencia dos recursos hídricos, propónse un sistema de aforro e eficiencia de rego, cuxas recomendacións se trasladan á normativa.

Outras medidas relacionadas con esta variable son o establecemento de sistemas de permeabilización e a posta en marcha dun programa de control e seguimento dos sistemas de drenaxe natural do Concello.

En relación coas bolsas de solo definidas como “solo urbanizable delimitado dotacional” próximas ao núcleo dos Cebados, subliñar que se atopan afectadas polo regueiro do Vilar, debendo terse en conta no seu desenvolvemento a servidume fluvial e os riscos asociados.

Enerxía

Aínda que o Plan propón un sistema integral de aforro e eficiencia enerxéticos, a análise e tratamento desta variable considérase incompleta ao non identificarse as liñas eléctricas que atravesan o Concello, os parques eólicos existentes, a minicentral hidroeléctrica do río Liñares e a situada no río Umia citada na *Normativa*.

Para a correcta integración desta variable no planeamento deberán identificarse as liñas eléctricas, os parques eólicos previstos polo Plan sectorial eólico de Galicia no Concello, así como as minicentraís



senaladas, avaliando en cada caso a súa incidencia, clasificándose o seu solo de acordo ás súas características, propoñéndose medidas e programándose o seu seguimento.

Emisións contaminantes

A análise desta variable consiste nunha descrición dalgunhas das fontes de contaminación existentes no Concello, concluíndose que salvo a contaminación agrogandeira difusa e a presenza da industria do moble non se rexistran episodios importantes de contaminación.

De forma particular, para a Cidade do Moble se establecen medidas para reducir as súas emisións, se insta ao seu promotor ao seu control e se establecen medidas de corrección adaptadas ao humidal de Lagartóns.

Aínda que o Plan debería ter en conta a contaminación acústica derivada das estradas en execución e propostas e da servidume aeronáutica correspondente ao aeroporto de Santiago de Compostela, o tratamento desta variable considérase correcto.

Xestión de residuos

No Concello lévase a cabo unha recollida selectiva de residuos, depositándose no punto limpo do núcleo urbano aqueles residuos que polo seu tamaño ou composición precisan dunha xestión específica.

En canto ao vertedoiro clausurado, situado na parroquia de Matalobos, próximo ao límite administrativo do municipio co Concello de Cuntis, sinalar que a ordenación prevista clasifica o seu solo como rústico de protección forestal.

Como medidas que permitirán unha mellora na xestión dos residuos, o Plan propón a posta en marcha dunha campaña de educación ambiental e establece, nas fichas de ordenamento, a necesidade de instalación de puntos verdes de recollida selectiva para os polígonos industriais.

Actividades económicas

A análise desta variable baséase no estudo socioeconómico que se xunta como anexo VII ao Plan. Neste estudo sublíñase a necesidade do Concello de buscar un modelo de desenvolvemento endógeno baseado nas propias potencialidades. A tal feito, o Plan propón unha área comercial complementaria ao tecido comercial do núcleo urbano, a ampliación dos polígonos de Toedo e Matalobos para a concentración da industria e a regularización de actividades industriais próximas aos núcleos da Pica, A Brea e Balboa.

Aínda que se tiveron en conta todos os aspectos que caracterizan a economía do Concello (poboación, renda, mercado de traballo, sectores de ocupación, etc.), detéctase que os datos aportados, nalgúns casos correspondentes ao ano 2001, poden non reflectir a situación actual e afectar á xustificación da proposta.



Integración social

De forma xeral considérase que esta variable se integrou correctamente na ordenación ao ofertar vivenda protexida (cobertura legal mínima), configurar unha rede continua de espazos (rolda verde), fomentar a participación cidadá na toma de decisións coa celebración de reunións sobre o planeamento e ao incluír un plan de estruturación social que atenderá ás necesidades de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

Medio natural

O Plan analizou as principais características físicas e naturais do medio, definindo 18 áreas de interese ambiental que clasifica como solo rústico de protección de espazos naturais. No entanto, non identifica todos os elementos e espazos naturais de interese do Concello, polo que a integración dos criterios establecidos para esta variable no DR non foi completa.

De forma xeral, o Plan deberá identificar estes valores naturais, así como calquera outro merecedor de protección, avaliar a incidencia do planeamento sobre eles, establecer unha clasificación do seu solo que garanta a súa protección e conservación, propoñer medidas adicionais que apoien estas garantías, así como indicadores que permitan o seu seguimento.

Medio rural

No que se refire ao solo rústico, a ordenación protexe novas zonas con valor ambiental e paisaxístico e, de forma xeral, clasifica o solo de acordo aos seus usos actuais, atendendo así aos criterios ambientais establecidos. No entanto, cómpre salientar que na clasificación do solo rústico de protección agropecuaria deberá prestarse especial atención á situación do proceso de concentración parcelaria no Concello.

En canto á ordenación dos núcleos rurais, segundo o modelo de asentamento, propóñense 419 núcleos, cuxo número non se corresponde co que figura noutros apartados da memoria, nin coas fontes oficiais, polo que se recomenda citar a fonte empregada, xustificar a discrepancia entre os datos e dotar de coherencia á información relacionada.

Paisaxe

Para o tratamento desta variable realizouse un estudo sobre a calidade e fraxilidade visual da paisaxe que se adecúa ao requirido no DR. Así, as 8 zonas definidas como áreas de interese se clasificaron como solo rústico de protección paisaxística. Tamén se identifica no Plan (páxina 171 do Tomo III Estudio do medio rural) unha área de “afección paisaxística en solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección forestal” da que se deberá aportar máis información ademais da súa localización na cartografía.

Respecto á área de interese “Val do Liñares” sinalar que inclúe o Bico de Curantes, espazo delimitado nas normas subsidiarias de planeamento provincial como solo rústico de espazos naturais.



Medio urbano

O núcleo da Estrada é o único clasificado como solo urbano no Concello, destacando pola súa morfoloxía irregular ligada á estrada N-640, pola ausencia de zonas verdes e pola existencia de edificacións desproporcionadas alternadas con solares de vivendas tradicionais.

Obsérvase que o Plan ten en conta as características da urbe nos seus obxectivos, propoñendo a creación de sistemas xerais e equipamentos. Nesta liña, como se comenta noutras variables, propón a creación dunha rolda verde e establece as melloras necesarias para os equipamentos e infraestruturas.

Tendo en conta esta observación, detectados os efectos do Plan sobre o núcleo urbano, establecidas actuacións para resolver a problemática existente e definidos indicadores que permiten o seu seguimento, valórase como axeitada a integración desta variable no Plan.

Patrimonio

O Plan identifica os elementos patrimoniais existentes no termo municipal e contén un catálogo coas fichas de cada un deles, indicando o seu grao de protección. No entanto, como xa se salientou anteriormente, salvo na *Normativa* e no *Catálogo de bens e elementos a protexer*, non se ten en conta o trazado da Vía da Prata, pertencente ao Camiño de Santiago, que transcorre polo Concello.

Para unha correcta integración desta variable deberá avaliarse a incidencia do planeamento sobre o trazado do Camiño de Santiago, establecerse unha clasificación do seu solo que garanta a súa protección e conservación, propoñerse medidas que apoien estas garantías, así como indicadores que permitan o seu seguimento. Así mesmo, sería conveniente establecer medidas preventivas ou correctoras, no caso de que aparecese algún achado arqueolóxico, na fase de execución das obras de calquera urbanización.

Poboación

Coma no caso das actividades económicas, a análise desta variable se basea no estudio socioeconómico do anexo VII do Plan. Obsérvase que algúns dos datos aportados non están suficientemente actualizados, diferindo a situación real (crecemento poboacional en 2010) da descrita (decrecemento no período 2004–2008).

A pesar do exposto pódese considerar que o tratamento desta variable é adecuado, xa que a ordenación prevé un plan de fixación da poboación local e de reestruturación demográfica co que se fomentaría o necesario equilibrio demográfico no Concello.

Vivenda

Considérase que o tratamento desta variable se axusta ao requirido no DR, xa que o parque potencial de vivendas do Plan defínese tendo en conta a análise socioeconómica realizada e os plans de fixación da poboación e de reestruturación demográfica propostos. Ademais establécese unha



programación para o desenvolvemento dos solos urbanizables cun seguimento a través de indicadores que permitirá axustar a demanda ás necesidades de cada momento.

Mobilidade

Na *Memoria informativa* do Plan e máis concretamente no apartado “Estrutura funcional do territorio” faise unha diagnose do sistema viario do Concello, da súa funcionalidade e situación, detectándose un alto fluxo de movementos, xeralmente en transporte privado.

Á vista destes antecedentes o Plan propón actuacións que fomentan a mobilidade sustentable no Concello como a creación dunha malla urbana compacta que permitiría os desprazamentos a pé ou bicicleta, a creación dunha rolda verde con carril bici e a construción dunha ampla banda de beirarrúas. No entanto, na análise desta variable debería terse en conta o trazado da AG-59 (Ramallosa–A Estrada) e as dúas liñas de ferrocarril que atravesan o Concello pola parroquia de San Miguel de Castro, polo que, a pesar de que na *Normativa* se inclúen medidas específicas referentes á infraestrutura ferroviaria, para un correcto tratamento desta variable deberán identificarse a autovía e as citadas liñas, avaliarse a súa incidencia no planeamento, clasificarse o seu solo de acordo á clasificación da LOUG, establecerse as medidas necesarias e un seguimento que permita coñecer a súa evolución.

2.1.5 Plan de seguimento

O plan de seguimento proposto no ISA describe os seus principais obxectivos e propón, por unha banda, o seguimento das medidas preventivas e correctoras mediante programas de vixilancia ambiental e, por outra, o seguimento das variables de sustentabilidade tras a aprobación do PXOM a través dun sistema de indicadores. En ambos casos, establécese un calendario e a frecuencia de remisión dos informes resultantes ao órgano ambiental.

Avaliado o plan proposto e co fin de facer máis operativo o proceso tanto para o promotor como para o órgano ambiental, recoméndase integrar o seguimento das medidas e das variables de xeito que se emita un único informe ao órgano ambiental cunha periodicidade anual. Así mesmo, co fin de asegurar o correcto seguimento do Plan deberán engadirse os indicadores que figuran no anexo II deste documento, a cuxa estrutura (descrición, unidade de medida, fonte de datos, método de cálculo e actualización) se adecuarán os indicadores propostos polo promotor.

2.1.6 Viabilidade económica da alternativa seleccionada, incluíndo as medidas e o Plan de seguimento

A análise económica incluída no ISA unicamente informa do importe da execución dos sistemas xerais (dotacionais, de comunicación e básicos) e da capacidade de financiamento do Plan por quadrienios, concluíndo que o Concello poderá facer fronte ás inversións derivadas do planeamento.



O informe solicitado neste epígrafe debería avaliar a viabilidade económica de todas as actuacións da proposta, das medidas dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos negativos, das medidas de fomento dos efectos positivos e do plan de seguimento, polo que se considera que o estudo realizado non atende aos requirimentos do DR.

Vista a *Estratexia de actuación e estudo económico* do Plan (Tomo VI), o informe de viabilidade económica resumirá esta información, incluíndo partidas específicas destinadas a sufragar os custes das medidas e do plan de seguimento.

2.2 Participación pública e consultas

O PXOM foi aprobado con carácter inicial polo Pleno da corporación municipal o 17 de setembro de 2009 e someteuse ao proceso de participación pública e consultas durante dous meses, tras a publicación do anuncio no DOG número 205, do 20 de outubro de 2009, e nos xornais *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo*, do mesmo día. O Plan xunto co ISA tamén foi publicado na páxina web do Concello.

Segundo se expón na documentación aportada, o Concello realizou reunións semanais explicativas das dúbidas, problemáticas e omisións detectadas polos veciños e diferentes colectivos.

Durante o período de exposición pública recibíronse 2.066 alegacións formuladas maioritariamente por particulares, recibíndose tamén alegacións de asociacións de veciños e sindicatos. Se solicitaron os informes sectoriais preceptivos ás Administracións públicas e aos concellos limítrofes de Silleda, Vedra, Teo, Boqueixón, Campo Lameiro, Cerdedo, Padrón, Cuntis, Valga, Pontecesures e Forcarei.

A continuación, móstrase un listado dos organismos consultados indicando a data da resposta, nos casos que se recibiu:

Administración consultada	Data da resposta
Demarcación de Carreteras de Galicia	23/04/2010
Dirección General de Aviación Civil	02/02/2010
Dirección General de Infraestructuras Ferroviarias	23/11/2009
Jefatura de Patrimonio y Urbanismo de Galicia de ADIF	26/10/2009
Dirección General del Instituto Geográfico Nacional	15/10/2009
Subdirección General de Infraestructuras y Normativa Técnica	12/11/2009
Delegación Provincial del Ministerio de Economía y Hacienda	03/02/2010
Dirección Xeral de Administración Local	26/11/2009
Delegación del Gobierno en Galicia	
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	18/01/2010
Augas de Galicia	06/04/2010
	23/07/2010
Dirección Xeral de Infraestructuras	19/02/2010
	20/09/2010
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental	12/11/2009
Instituto Galego de Vivenda e Solo	17/11/2009
Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas	11/02/2010



Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias	
Dirección Xeral de Montes	
Dirección Xeral de Conservación da Natureza	11/02/2010
Consellería de Sanidade	
Secretaría Xeral e do Patrimonio	03/12/2009
Servizo de Vías e Obras da Deputación de Pontevedra	
Servizo de Facenda da Deputación de Pontevedra	
Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación da Coruña	10/12/2009

En canto ás alegacións de particulares recibidas, cómpre sinalar que 27 fan referencia ao solo rústico, referíndose o resto á ordenación do solo urbano e dos núcleos rurais.

No anexo I da presente Memoria ambiental recóllese un resumo dos informes recibidos e da resposta dada polo promotor.

3. Valoración e síntese final do proceso de AAE

De acordo co artigo 85.4 da LOUG, transcorridos máis de tres anos dende a emisión do DR, valorouse a vixencia do ISA, considerándose que non se produciron cambios substanciais aos que o documento deba adaptarse, polo que se determina que o **ISA elaborado é válido para continuar co procedemento de AAE**.

Non obstante, a modo de observación sobre a información do ISA compre sinalar que fai referencia a datos contidos noutros documentos do Plan, cando este informe debería constituír un documento único e individualizado. Neste sentido, recoméndase que o detalle da súa información, lonxe da duplicidade dos datos, sexa o mínimo suficiente que permita a completa e correcta análise da sustentabilidade da proposta.

O estudo da contorna identifica de forma incompleta os condicionantes do medio natural, socioeconómico e territorial, da mobilidade, dos recursos e residuos, da paisaxe e do marco legal-institucional; obviando espazos e elementos de importancia substancial para a avaliación ambiental da proposta. Ademais, nalgúns casos, se detectan incoherencias nos datos, e noutros, non están suficientemente actualizados.

Respecto aos obxectivos, a pesar de estar repartidos polos diferentes documentos do Plan e botarse en falta obxectivos de protección ambiental derivados da normativa, defínense obxectivos xerais e específicos de ordenación, así como específicos para cada unha das variables afectadas polo planeamento.

En canto ás alternativas, a pesar de que a análise considérase adecuada, detéctanse incoherencias na redacción relacionadas coa normativa urbanística en vigor e coa superficie proposta para as diversas categorías de solo. Como recomendación deberían detallarse as actuacións promovidas por cada alternativa e reflectilas nun plano.



Para a identificación dos efectos, aínda que a metodoloxía empregada axústase ao establecido no DR, deberíase incluír unha descrición detallada dos efectos previstos sobre cada variable, así como propoñerse medidas preventivas e correctoras para cada un dos efectos negativos detectados, non limitándose aos considerados “máis severos”.

O plan de seguimento incluído no ISA propón o seguimento por separado das medidas e das variables de sustentabilidade, emitíndose como resultado diferentes informes. Ao seguimento proposto deberán incorporarse os indicadores facilitados no anexo I deste documento, a cuxa estrutura deberán adecuarse os propostos polo promotor, remitíndose ao órgano ambiental un único informe cunha periodicidade anual.

O informe sobre a viabilidade económica só ten en conta a execución dos sistemas xerais, concluíndo que o Concello poderá facer fronte ás inversións derivadas do Plan. Este informe deberá estimar o custe de todas as actuacións da ordenación proposta, recomendándose que sexa un resumo do estudo económico do Plan (Tomo VI), no que se detallen as partidas destinadas a sufragar os gastos da aplicación das medidas e do plan de seguimento.

No referente á coherencia, o ISA carece de tal epígrafe, debendo analizarse tanto a coherencia interna como a externa. A tal feito, un exemplo a seguir será a análise de coherencia estratéxica incluída no ISA do Plan de ordenación do litoral de Galicia (Decreto 20/2011, do 10 de febreiro).

En canto ao proceso de participación pública e consultas, de xeito xeral, considérase axustado ao procedemento de AAE no tocante aos prazos e modalidade de consultas.

Considerando o exposto nos parágrafos anteriores, conclúese que o ***Plan xeral de ordenación municipal do Concello da Estrada é ambientalmente viable***, aínda que para unha correcta integración dos criterios de sustentabilidade establecidos no DR, o Plan deberá incorporar as seguintes determinacións:

1. Completar e actualizar tanto a normativa como a relación de plans, programas, estratexias vixentes que podan afectar ao planeamento, entre os que figuran as DOT, o Plan sectorial eólico de Galicia, o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade de Galicia, etc.; indicando a xerarquía e a incidencia das principais medidas destes instrumentos.
2. Verificar e corrixir a disparidade numérica na superficie das diversas categorías de solo e no número de asentamentos existentes no Concello, de xeito que se ofrezca un único dato.
3. Identificar na documentación tanto gráfica como escrita os condicionantes do medio que se citan a continuación, de xeito que se avalíe a incidencia do planeamento sobre estes, se clasifique o seu solo de acordo coas súas características e coas categorías da LOUG, se detecten os posibles efectos, se propoñan as medidas necesarias en cada caso e se estableza un seguimento que permita coñecer a súa evolución.



- Os rodais selectos, o abeto branco de Carballal, o tramo alto do Umia, o Bico de Curantes, a zona de protección para a avifauna e a posible ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia, actualmente en fase de información pública.
 - As liñas eléctricas que atravesan o Concello, os parques eólicos existentes (Plan sectorial eólico de Galicia), a minicentral hidroeléctrica en explotación do río Liñares, a minicentral situada no río Umia citada na *Normativa* do Plan e o territorio municipal afectado pola servidume aeronáutica do aeroporto de Santiago de Compostela.
 - O trazado da Vía da Prata, pertencente ao Camiño de Santiago, polas parroquias de Orazo, Loimil e Oca.
 - Os trazados das liñas de ferrocarril que transcorren pola parroquia de San Miguel de Castro.
 - O trazado da autovía AG-59 (Ramallosa-A Estrada).
 - O solo afectado por concentración parcelaria nas parroquias de Loimil, Remesar, Oca, San Miguel de Castro e Arnois.
4. Describir os valores paisaxísticos da área definida no Plan (páxina 171 do Tomo III.-Estudo do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional) como “área de afección paisaxística en solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección forestal” grafiada no plano do estudo da paisaxe, sinalando se deberá ser obxecto de protección ou non.
 5. Completar e propoñer medidas preventivas e correctoras para cada un dos efectos negativos identificados no apartado 5 do ISA, co fin de que sirvan de referencia aos plans que desenvolvan o PXOM, e incorporalas á normativa do Plan de cara a garantir o seu cumprimento. De forma específica preveranse medidas para o caso de que apareza algún achado arqueolóxico durante as obras de urbanización.
 6. Completar a relación de indicadores cos definidos no anexo II da presente resolución e adecualos á estrutura da táboa que figura nese anexo para un correcto seguimento do Plan, remitindo un único informe ao órgano ambiental cunha periodicidade anual.
 7. Completar o informe sobre a viabilidade económica co importe de todas as actuacións da proposta e incluír as partidas destinadas a sufragar os gastos da aplicación das medidas e do plan de seguimento.
 8. Realizar unha análise de compatibilidade do Plan cos obxectivos e determinacións das DOT, conforme a súa determinación 10.1.18, seguindo a metodoloxía de análise de compatibilidade estratéxica (ACE) co fin de favorecer unha axeitada coordinación territorial. A modo de exemplo, pódese consultar o ACE realizado no ISA do Plan de ordenación do litoral.



Previa aprobación definitiva do Plan, elaborárase un **informe sobre como foron integradas as determinacións expostas** nos puntos anteriores, que lle será remitido, xunto coa documentación do Plan, ao órgano competente para outorgar a aprobación definitiva.

Finalmente, segundo o disposto no artigo 14 da *Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente*, unha vez aprobado o Plan definitivamente, o Concello da Estrada porao a disposición da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental como órgano ambiental, das Administracións públicas consultadas e do público afectado, xunto coa seguinte documentación:

- A. Plan aprobado.
- B. Unha declaración que resuma os seguintes aspectos:
 - De que modo foron integrados no Plan os aspectos ambientais.
 - Como se tomaron en consideración o ISA, os resultados das consultas, a Memoria ambiental, así como, cando proceda, as discrepancias xurdidas no proceso.
 - As razóns da elección do Plan aprobado, en relación coas alternativas consideradas.
- C. As medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio.

Un resumo non técnico sobre a documentación contida nos puntos B e C.



ANEXO I.- Resultado do proceso de participación pública e consultas

O resumen dos resultados do proceso de participación e consultas (alegación e informes sectoriais) derivados da información presentada polo promotor, expónse con detalle suficiente nas táboas seguintes:

1. Informes sectoriais remitidos ao órgano promotor

Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia
Resumo do contido:
Emite un informe desfavorable , requirindo emendar os seguintes aspectos: – Incorporar ao planeamento o Proxecto do trazado da variante da Estrada, aprobado definitivamente o 2 de xullo de 2009 (BOE do 3 de agosto de 2009), así como o Estudo informativo da variante de Portela, con formulación de Declaración de impacto ambiental o 24 de setembro de 2009 (BOE do 12 de outubro de 2009). – Grafar e acoutar correctamente a liña límite de edificación das estradas N-525 , N-640 e da autopista AP-53 e das variantes da Portela e da Estrada. – Axustar os novos accesos á normativa aplicable (Regulamento xeral de estradas, Orde ministerial do 16 de decembro de 1997 pola que se regulan os accesos ás estradas do Estado e Orde FOM/2873/2007 do 24 de setembro) e á vixente de deseño. – Corrixir a situación das conducións subterráneas dos planos III-01 e III-02, recollendo o indicado no artigo 133, punto 6, do Tomo V “Normativa urbanística”. – Recoller nos planos da ordenación os seguintes proxectos redactados nos últimos anos e que afectan ao trazado das estradas N-525 e N-640 ao seu paso polo termo municipal: 33-PO-2730 (Vías lentas e mellora das interseccións na estrada N-525 pp.kk 294,000 ao 321,000. Tramo Lalín-Pte Ulla), 33-PO-2910 (Rectificación do trazado. N-640 pp.kk 194,800 ao 201,000. Tramo Pena do Foxo-Callobre) e 33-PO-3550 (Mellora do trazado, remodelación de interseccións e accesos. N-640 pp.kk 185,600 ao 240,000. Tramo Silleda-A Estrada). – Incorporar na normativa das novas construcións, a obrigatoriedade de realizar un estudo de niveis sonoros para garantir que os niveis acústicos sexan os adecuados á zonificación acústica que esixe a Lei 37/2007, do 17 de novembro, do ruído e o Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro.
Valoración feita polo promotor:
– O Plan incorpora o Proxecto do trazado da variante da Estrada, así como o Estudo informativo da variante de Portela. – Gráfae correctamente a liña límite de edificación das estradas N-525 , N-640, da autopista AP-53 e das variantes da Portela e da Estrada. – Respecto ao cumprimento da normativa sobre os novos accesos, elimínanse os accesos aos novos solos programados (urbanos non consolidados e urbanizables) ás redes de estradas do Estado (Planos de clasificación do solo S1 – S24, S1 – S25, S1 – 31 e S1 – 32). – Corríxese a situación das conducións subterráneas nos planos III-01 e III-02 segundo o artigo 133, punto 6 do tomo V “Normativa urbanística”. – Nos planos de ordenación recóllense os proxectos redactados nos últimos anos e que afectan ao trazado das estradas N-525 e N-560 (33-PO-2730, 33-PO-2910 e 33-PO-3550) ao seu paso polo termo municipal. – Na normativa do Plan incorpórase a obrigatoriedade de realizar un estudo de niveis sonoros para garantir que os niveis acústicos sexan os adecuados á zonificación acústica esixida pola lexislación nacional sobre o ruído. Realizadas estas emendas, con data de 7 de xuño de 2010 o Concello enviou o documento corrixido para emisión dun novo informe.

Dirección General de Aviación Civil
Resumo do contido:
Emite informe favorable condicionado , informando de determinados aspectos e requirindo a incorporación das seguintes modificacións: – Informa que remitido a AENA un borrador de informe do Plan, dito organismo emite como resposta un informe considerándoo correcto en canto ás súas competencias. – Solicita corrixir o número e data do BOE de publicación da Orde do Ministerio da Presidencia pola que se



aproba o Plan director do aeroporto de Santiago (BOE nº 220, de 13 de setembro).

- Informa da normativa sobre servidumes aeronáuticas aplicable e dos criterios de referencia, así como das afeccións sobre o territorio xuntando planos sobre as servidumes do aeródromo e instalacións radioeléctricas e as servidumes de operación das aeronaves.
- Require incorporar aos planos normativos do Plan, os planos das servidumes aeronáuticas do aeroporto de Santiago, debendo deixar constancia expresa na normativa do Plan a afección sobre o territorio.
- Require incluír na normativa sobre solo rústico a necesidade de que no Rexistro da Propiedade consten as fincas afectadas por servidumes aeronáuticas, así como incluír certas condicións para as construcións en Lóbrigo, San Sebastián e Alfonsinos (que requirirán informe favorable desta Dirección Xeral), para as emisións que podan poñer en perigo a seguridade das operacións aeronáuticas e para a instalación de determinadas infraestruturas.

Valoración feita polo promotor:

- Corrixíuse a data de publicación e nº do BOE da Orde do Ministerio de Presidencia do 5 de setembro de 2001.
- Introducíronse nos planos de clasificación do solo os planos de servidumes aeronáuticas do aeroporto de Santiago, indicando no artigo 176 da normativa do Plan (Servidumes Aeronáuticas), das normas de protección de infraestruturas, que o Concello se atopa incluído nas zonas de servidume aeronáuticas legais do aeroporto de Santiago, representadas polas superficies limitadoras de tales servidumes.
- Inclúese na normativa de solo rústico a necesidade de anotación no Rexistro da Propiedade as fincas afectadas por servidumes aeronáuticas, así como as condicións para as construcións en Lóbrigo, San Sebastián e Alfonsinos, para as emisións que podan poñer en perigo a seguridade das operacións aeronáuticas e para a instalación de determinadas infraestruturas.

Dirección General de Infraestructuras Ferroviarias

Resumo do contido:

Emite **informe favorable condicionado**, facendo as seguintes observacións:

- En canto á normativa, informa da lexislación sectorial que lle é de aplicación (Lei 29/2003 do sector ferroviario, Real Decreto 2387/2004, do 30 de decembro sobre o seu regulamento, Orde FOM 2230/2005 do 6 de xullo e Orde FOM 2893/2005, do 1 de setembro) e sinala que as actuacións propostas deberán atender ao disposto en materia de rúidos e vibracións.
- No referente á clasificación urbanística dos solos, require modificar o correspondente plano, incorporando ao solo rústico de especial protección de infraestruturas os terreos pertencentes á zona de Dominio Público Ferroviario; así como clasificar os terreos ocupados pola futura liña de alta velocidade baixo esta categoría.

Valoración feita polo promotor:

- Clasificáronse como solo rústico de especial protección de infraestruturas os terreos detallados anteriormente, clasificados como solo de núcleo rural e correspondentes ao núcleo de Castro, na parroquia de San Miguel de Castro.

Jefatura de Patrimonio y Urbanismo de Galicia de Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF)

Resumo do contido:

Emite **informe favorable** no que sinala que corresponde ao Ministerio de Fomento a emisión do preceptivo informe sobre posibles variacións da liña ferroviaria existente. No entanto fai referencia á necesidade de ter en conta unha serie de limitacións establecidas pola lexislación vixente aplicable.

Valoración feita polo promotor:

Comprobase que o Plan cumpre coas limitacións sinaladas no informe.

Dirección General del Instituto Geográfico Nacional

Resumo do contido:

Emite informe no que se sinala que a xeometría das liñas límite xurisdiccionais do termo municipal da Estrada que se reflicte no Plan é basicamente coincidente coa que figura no Sistema de Información Xeográfica de Liñas Límite (SIGLIM) que xestiona e actualiza o Rexistro Central de Cartografía deste Instituto. Salienta que no que se refire ao límite xurisdiccional dese municipio co de Cuntis, un tramo dese límite é actualmente obxecto de procedemento administrativo, que instrúe a Dirección Xeral Administración Local da Xunta de Galicia, no que é preceptivo un informe do Instituto Xeográfico Nacional e que se atopa pendente de evacuación a data de emisión desta Memoria ambiental.



Subdirección General de Infraestructuras y Normativa Técnica

Resumo do contido:

Emite informe no que se fan as seguintes observacións ao Plan:

- En canto ao proxecto, segundo a normativa da compañía concesionaria, sinala que deberá cumprirse co establecido no artigo 26 da Lei xeral de telecomunicacións. Ademais, no punto 5 deste informe se recolle a lexislación aplicable e as normas UNE de AENOR que poden aplicarse.
- No referido ás restricións ás instalacións de telecomunicacións require modificar o artigo 189 da normativa do Plan.
- En relación á distancia mínima establecida no artigo 198.1c) para as industrias, tendidos eléctricos ou liñas ferroviarias, sinala que dita mención debe suprimirse.
- Respecto á Orde ITC/3538/2008, do 28 de novembro, sinala que o Plan deberá axustarse a esta orde, por ser o Concello unha Administración Pública que dita, por ter competencia, normativa específica sobre ocupación do dominio público e propiedade privada para a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas.
- Para o resto da normativa aplicable informa sobre o dereito dos operadores á ocupación do dominio público, do uso compartido da propiedade pública ou privada, das instalacións radioelétricas (recolléndose a posibilidade de adhesión ao Código de Boas Prácticas para a instalación e infraestruturas de telefonía móbil, das redes públicas de comunicacións electrónicas nos instrumentos de planificación urbanística (características das infraestruturas segundo as normas UNE 133100–1:2002; UNE 133100–2:2002, UNE 133100–3:2002, UNE 133100–4:2002 e UNE 133100–5:2002) e das infraestruturas de telecomunicacións nos edificios.

Finalmente como anexo ao informe xúntase o procedemento administrativo de referencia para a instalación de infraestruturas de rede de radiocomunicación.

Valoración feita polo promotor:

En canto ao artigo 189 da normativa urbanística do Plan:

- No apartado b) engádesse que as redes telefónicas se realizarán segundo as recomendacións do artigo 26 da Lei xeral de telecomunicacións e non segundo os criterios da compañía subministradora.
- No apartado c) elimínase a alusión ao solo rústico de protección de costas, as restricións ás instalacións de telefonía móbil para que se podan permitir en ámbitos de espazos naturais delimitados ou declarados e a distancia mínima de 600 m de situación e ditas instalacións, pasando a regularse polo Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioelétrico, restricións ás emisións radioelétricas e medidas de protección sanitaria fronte ás emisións radioelétricas e a Orde CTE/23/2002 de 11 de xaneiro. No mesmo apartado, elimínase a distancia mínima ás instalacións de telefonía móbil respecto das industrias, tendidos eléctricos e liñas ferroviarias, pasando a ser regulada pola Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

Delegación Provincial do Ministerio de Economía y Hacienda

Resumo do contido:

Emite informe no que sinala que non existen alegacións, xustificacións, observacións ou suxestións que realizar dentro do ámbito das súas competencias.

Dirección Xeral de Administración Local

Resumo do contido:

Emite informe como contestación ao escrito no que o Concello solicita información sobre o expediente de deslinde entre os termos municipais da Estrada e Cuntis, comunicándolle que non estando resolto o devandito expediente de deslinde, non debe afectar ao Plan.

Dirección Xeral do Patrimonio

Resumo do contido:

Tras sinalar que o PXOM do Concello datado en outubro de 2005 obtivo resolución favorable debendo efectuarse determinadas correccións, emite **informe favorable condicionado** á corrección dos erros e consideracións que se citan a continuación e debendo remitirse unha copia do texto refundido do Plan a esta Consellería unha vez o documento sexa aprobado definitivamente.

Respecto c

- Comproba que na ficha AC–550 se ampliou o ámbito de respecto da Torre de Guimarei (BIC) o núcleo da Torre situado ao seu carón, que na ficha AC–113 se incluíu o colexio San Antonio e que se recolle na ficha de cada edificio catalogado a necesidade do informe previo da D.X.do Patrimonio para ampliar o seu fondo en solo urbano.



- No referente aos hórreos solicita se elaboren fichas de todos os hórreos de carácter tradicional para a súa incorporación ao catálogo e establece o contido destas fichas.
- No conxunto do catálogo detecta erros na ficha AC-7 referente á falta da trama do grafado do ámbito de protección do elemento, na ficha AC - 27 solicita grafar o elemento catalogado e a súa contorna de protección coas tramas correspondentes e subliña a ausencia das fichas AC - 73 e AC - 97 tanto no índice de catálogo coma nas fichas.

Respecto á normativa arquitectónica:

- Detecta erro no artigo 57 (Conservación específica do Patrimonio Cultural) ao aparecer un parágrafo referente ao termo municipal de Mos e a existencia do camiño de Santiago portugués, solicitando a súa corrección e adaptación aos bens protexidos situados no Concello.
- Esixe corrixir o parágrafo da normativa de protección que afecta ás autorizacións nas áreas de protección, especificando que se require autorización desta Dirección Xeral, e non da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico.
- Require que a inclusión dos novos elementos se regule segundo o Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.
- En canto á delimitación e protección asociada ao Camiño de Santiago, sinala que con posterioridade poderán ser revisadas atendendo á delimitación dos Camiños de Santiago segundo o procedemento establecido na Lei 3/1996, de protección dos Camiños de Santiago. Así mesmo sinala que o Plan especial de protección e promoción do Camiño de Santiago no ámbito do seu territorio histórico debe establecer determinacións sobre protección, usos do solo, etc. que obrigarán, de ser o caso, á adaptación do planeamento municipal (artigos 17 e 18 da Lei 3/1996).

Respecto ao catálogo arqueolóxico suxire incorporar os 17 novos xacementos (GA36017189 a 205) que se relacionan no informe, cuxa situación e contorna protexida aparecen reflectidas nos planos que se xuntan.

Respecto aos planos de ordenación arqueolóxica:

- Solicita modificar o grosor da liña que delimita a área de protección dos xacementos nos planos de ordenación a escala 1:5.000, por confusión das tramas, ou ben modificar o sistema de grafado.
- Sinala que se deberán grafar nos planos a contorno de protección dos novos xacementos.
- Require tamén corrixir erros na follo S1-32, S-34 e S1-24.

Respecto da normativa arqueolóxica:

- Solicita que se incorporen aos actos suxeitos á concesión de licenza municipal as novas plantacións de arborado no ámbito dos xacementos.
- Require corrixir no apartado Áreas de protección do artigo 179 que as áreas de protección dos bens culturais sexan as indicadas nos planos de ordenación. Así mesmo require dentro destas áreas autorización da Dirección Xeral.

Valoración feita polo promotor:

Se incorporaron ao Plan as seguintes modificacións:

No referido ao catálogo arquitectónico:

- Tras reunión coa Dirección Xeral e baixo a súa petición, estudouse a singularidade do núcleo de Fontenlo, catalogándose a área que engloba as edificacións tradicionais de maior calidade como un conxunto de interese arquitectónico e etnográfico con protección integral. Así mesmo, decidiuse que non era preciso facer fichas de todos os hórreos de carácter tradicional, por ser suficientes os 83 hórreos catalogados e a referencia a que todos os de máis de 100 anos estean incluídos no catálogo.
- Corrixíronse os erros de falta de tramas nos elementos AC-7 e AC-27 do catálogo e dos elementos AR-67 e AC-100 dos planos de clasificación do solo.
- Corrixíronse nos planos de clasificación do solo os grafados das tramas de elementos catalogados e arqueolóxicos mellorando a súa lectura.
- Introducíronse as fichas AC-73 e AC-97 no índice do catálogo e nas fichas. Ao tempo corrixiuse a situación do AC-97 nos planos de clasificación do solo a 1:5.000 e cualificación do solo urbano a 1:2.000.
- Documentouse graficamente e describiuse a peza de pedra existente na fachada do elemento catalogado AC-10.
- Aumentouse o grao de protección da casa de Monteagudo de non integral a integral.
- Sinaláronse nas fichas do catálogo os elementos de singular valor a protexer das fachadas dos elementos catalogados AC-76 a AC-80, AC-88 e AC-96, así como a nova configuración da planta baixa do AC-79 tras a restauración dos elementos alterados.

No referido á normativa arquitectónica:

- Corrixíronse as referencias no artigo 57 (Conservación específica do patrimonio cultural). Aclarouse que as áreas de protección requirirán autorización desta Dirección Xeral, especificándose que a inclusión de novos elementos regularase polo *Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural*



de Galicia.

No referido ao catálogo arqueolóxico:

- Tras reunións e comunicacións coa Dirección Xeral incorporáronse 28 novos xacementos descubertos recentemente e que forman parte do inventario desta Dirección Xeral (GA36017189 a GA36017216).
- Axustáronse as delimitacións do xacemento GA36017023 e do núcleo rural de Rial.
- Modificouse a trama dos xacementos arqueolóxicos GA3601703 e GA36017136 para que pasen a ser solo rústico de especial protección do patrimonio nos planos de clasificación do solo a escala 1:5.000.
- Situouse nunha mellor localización o nome do xacemento GA36017026 para que se visualice mellor.

No referido á normativa arqueolóxica:

- No artigo 23 incorporouse que as plantacións de arborado no ámbito dos xacementos será acto suxeito a licenza municipal.
- No artigo 179 indícase que as áreas de protección dos bens culturais serán as indicadas nos planos de ordenación, no seu defecto, serán de aplicación as distancias establecidas no presente apartado. En caso de contradición na grafía das áreas de protección entre distintos planos, primará sempre a de maior extensión e grao de protección. Así mesmo, neste artigo corríxese o órgano que autoriza as intervencións nos elementos catalogados e nas súas áreas de protección, sendo este a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural segundo o establecido na *Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia*.

Augas de Galicia

Resumo do contido:

Emite un **primeiro informe favorable condicionado** á comprobación de que as observacións feitas quedan recollidas na documentación definitiva.

En canto ao abastecemento, lembra que en calquera caso o Concello deberá solicitar e obter a regulamentaria concesión para as actuacións de aproveitamento.

Respecto ao saneamento:

- Considera necesaria a ampliación da actual EDAR e a modificación dos actuais bombeos.
- Establece que os solos industriais garantan o tratamento das augas residuais polos seus propios medios.
- Solicita engadir a conveniencia de, para o caso de conexións posteriores á rede municipal, establecer a obriga de elementos físicos (arquetas) onde se poidan comprobar os parámetros do efluente.
- Considera conveniente que se estude a reutilización das augas pluviais e se establezan corredores ou beirarrúas drenantes que faciliten a filtración e reduzan a escorrenta directa.
- De xeito similar ao indicado para o abastecemento, sinala que se deberán solicitar as correspondentes autorizacións de vertido.

Require concretar nos instrumentos de desenvolvemento do Plan, que terán que ser informados por este organismo, limitacións e restricións concretas en todos os leitos e en todo tipo de solo coa definición literal e gráfica que sexan necesarias. Para o seu cumprimento o Plan incluírá unha clasificación dos ríos segundo a súa entidade e, en concordancia con ela, unhas zonas de protección reducidas.

Considera imprescindible incluír na normativa a redacción do artigo 9 do regulamento do dominio público hidráulico, especialmente o reflectido no punto 2.

Emite un **segundo informe favorable** en base á nova documentación modificada do Plan e **condicionado** á comprobación de que as observacións feitas no primeiro informe e neste quedan recollidas na documentación definitiva. As observacións deste segundo informe son as seguintes:

- Require a transcripción completa do artigo 9 do regulamento do dominio público hidráulico.
- Indica que na procura do obxectivo de que todos os sistemas de saneamento sexan de redes separativas con implantación progresiva nas redes de saneamento existentes, sendo de aplicación as Instrucións técnicas para obras hidráulicas de Galicia e máis en concreto a ITHOGH-SAN-1/4.

Valoración feita polo promotor:

No punto 11.2.2. da Memoria xustificativa indícase que os solos industriais deberán garantir o tratamento das augas residuais polos seus propios medios, así como a conveniencia de establecer a posible conexión posterior á rede municipal con elementos físicos (arquetas) onde se poidan comprobar os parámetros do efluente.

No anexo V de Infraestruturas da Memoria xustificativa incorpórase a conveniencia de estudar a reutilización das augas pluviais e que se establezan corredores ou beirarrúas de drenaxe que faciliten a filtración e reduzan a escorrenta directa.

Na Memoria xustificativa reflíctense e represéntanse nos planos de clasificación do solo as zonas de protección de todas as canles naturais en concordancia coa clasificación segundo a súa entidade (extensión da bacía, sección hidráulica, etc.) resultando a clasificación da rede fluvial en tres categorías: principais (cunha protección de 100 m), secundarios (cunha protección de 50 m) e afluentes destes últimos (cunha protección de 25 m, considerando tamén que polo xeral encóntranse rodeados de solo rústico forestal ou agropecuario).



Defínense ademais as zonas de policía e as súas limitación en todos os leitos e para calquera tipo de solo que serán de 100 m. Sinálase que todas estas concrecións estarán reflectidas nos instrumentos de desenvolvemento do Plan.

No artigo 177.2 da normativa acláranse as diferenzas entre a zona de protección e a liña de edificación e que os uso nas zonas de servidume xa sexan con licenza municipal ou con autorización autonómica son regulados no artigo 7.3 do regulamento do dominio público hidráulico. Ademais xustifícanse as distancias mínimas das edificacións, establecendo as seguintes limitacións:

- Prohibición de realizar calquera obra (incluídos os peches de parcela) en todo tipo de solo na zona de servidume a que se refiren os artigos 6 da Lei de augas e do regulamento do dominio público hidráulico, que é de 5 m desde o límite ao que cheguen as máximas enchente ordinarias.
- A prohibición de realizar calquera tipo de construción en solo non urbano ou de núcleo rural nunha banda de 20 m de anchura en cada marxe dos ríos.
- A necesidade dunha autorización previa da administración hidráulica para aquelas construcións que pola súa singularidade teñan que emprazarse nas zonas de protección.
- Recóllese na normativa a redacción do artigo 9 do regulamento do dominio público hidráulico.

Dirección Xeral de Infraestruturas

Resumo do contido:

Emite **informe desfavorable**, debendo emendarse as deficiencias detectadas e remitir o expediente a esta Dirección Xeral para emisión de novo informe.

Respecto á documentación e normativa:

- Require recoller na cartografía base o novo enlace executado na PO-841 para acceso ao parque empresarial de Toedo, así como a rotonda de Figueiroa de Arriba, na mesma estrada. Tamén deberá cartografiarse a estrada PO-505 completamente executada xunto co enlace coa N-640.
- Solicita que na Memoria informativa, nos apartados correspondentes ao viario, se inclúa a estrada PO-505.
- Require que o apartado 11.1 da Memoria xustificativa recolla correctamente a totalidade das estradas autonómicas, a súa categoría e titularidade.
- Require que o artigo 100 da normativa referente ao sistema xeral viario se refira ás diferentes distancias xenéricas definidas pola lexislación autonómica vixente en materia de estradas. Fundamentalmente a de edificación e afección.
- No ordenanza de núcleo rural deberá engadirse que as aliñacións no caso das estradas de titularidade autonómica quedan fixadas polo Plan en función do indicado nos seguintes puntos deste informe e que ne caso de dúbida será o organismo titular o que resolva calquera cuestión interpretativa.

Respecto á estrutura xeral e orgánica do territorio, sinala que a estrada PO-505 pode considerarse como sistema xeral viario de categoría 1.

Respecto ao solo rústico, informa que:

- Na PO-213 o tramo de solo rústico de protección de infraestruturas vinculado á estrada autonómica, máis próximo ao solo urbano, entre o solo rústico de protección ordinaria e o solo rústico de protección agropecuaria, non se corresponde coa liña límite de edificación definido na lexislación vixente.
- Así mesmo nas estradas PO-182 e PO-181, en tanto non se produza a transferencia destas estradas ao Concello deberá clasificarse como solo rústico de protección de infraestruturas a totalidade do tramo non clasificado como solo de núcleo rural tradicional, identificándose ademais nos planos de clasificación como sistema viario de categoría 1.

Respecto ao solo de núcleo rural:

- No caso dos núcleos con acceso ás estradas PO-841 e PO-213, require se indique na normativa, no artigo correspondente aos núcleos rurais, que se prohiben os novos accesos indiscriminados debendo realizarse a través doutros viarios xa existentes.
- Para as estradas PO-841, PO-213, PO-214, PO-181 e PO-182 sinala para determinados núcleos que as aliñacións non poderán contar cun ancho inferior aos 20 m, sen prexuízo de respectar as edificacións tradicionais existentes.

Respecto ao solo urbanizable:

- No SUD-I21, require indicar nas condicións de desenvolvemento do sector que os accesos a este ámbito realízanse a través do polígono industrial existente non permitíndose novos accesos á estrada autonómica.
- No SUD-I22, require indicar na ficha de desenvolvemento do ámbito que non se permitirán máis accesos indiscriminados á estrada debéndose acceder ao interior do ámbito a través do xa executado.
- No SUD-R02, require indicar na ficha de desenvolvemento que acorde co planeamento que se revisa, na estrada autonómica, non se permitirán aliñacións cun ancho total inferior a 18 m.

Respecto ao solo urbano, sinala que na rúa número 20, acorde co planeamento que se revisa non se permitirán



aliñacións cun ancho total inferior a 14 m.

Este organismo, tras recibir a documentación modificada do Plan, emite **informe favorable condicionando** á emenda das seguintes deficiencias:

- Corrección das “Aliñacións tradicionais consolidadas”, así como das aliñacións dos núcleos indicados no anterior informe, sobre todo os lindantes coa estrada PO–213.
- Representación nos novos planos aportados da liña límite de edificación definida pola lexislación de estradas vixente.

Finalmente sinala que de acordo co artigo 15.3 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de Estradas de Galicia, no prazo dun ano desde a data da aprobación do Estudo informativo e Estudo de impacto ambiental da autovía AG–59: treito Ramallosa–Estrada (Clave: GA/08.022.00) deberá revisarse o planeamento, para evitar trámites posteriores e maior claridade do documento, sendo conveniente incluíla no documento definitivo.

Valoración feita polo promotor:

No que se refire ao primeiro informe fixéronse as modificacións que se detallan a continuación:

Respecto á documentación e normativa:

- Representouse na cartografía base: o novo enlace executado na PO–841 para acceso ao parque empresarial de Toedo, a rotonda de Figueiroa de Arriba, a estrada PO–505 xa executada e o enlace desta coa N–640.
- Recolleuse a estrada PO–505, pertencente á rede primaria básica autonómica no apartado 4.2 Estrutura viaria do Tomo I. Memoria informativa.
- Recolleuse a totalidade das estradas autonómicas, a súa categoría e titularidade no apartado 11. 1 do Tomo II.
- Incluíronse as referencias ás diferentes distancias xenéricas definidas pola lexislación autonómica vixente en materia de estradas no artigo 100 do Tomo V. Normativa urbanística.
- Indicouse na ordenanza do núcleo rural, artigo 150. Condicións da edificación, que a aliñación quedará fixada polo Concello nunha Acta de aliñacións e rasantes no momento da solicitude da licenza.

Respecto á estrutura xeral e orgánica do territorio, considerouse como sistema xeral viario a categoría 1 da estrada PO–505.

Respecto ao solo rústico:

- Modificouse o tramo de solo rústico de protección de infraestruturas vinculado á estrada PO–213, para adecalo á correspondencia da liña límite de edificación definida na lexislación vixente (plano de clasificación do solo S1–24).
- Clasificouse como solo rústico de protección de infraestruturas a totalidade do tramo da PO–182 non clasificado como núcleo rural tradicional e identifícanse ditos tramos como sistema viario de categoría 1 ao non terse producido a transferencia de titularidade de ditos tramos de estrada ao Concello.
- Non se clasificou como solo rústico de protección de infraestruturas no tramo da PO–181, conforme o expediente nº 20692 da Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, con data de saída de 29 de maio de 2009.

Respecto ao solo de núcleo rural:

- Indicouse nas fichas de cada un dos núcleos afectados a prohibición de acceder a través das estradas PO–841 e PO–213 e a necesidade de facelo a través doutros viarios existentes.
- Elimináronse nas áreas de expansión os ámbitos con único acceso a través da estrada PO–841 e represéntanse en todas as áreas de expansión a liña límite de edificación conforme á lexislación vixente.
- Especificouse que as aliñacións consolidadas son en realidade aliñacións tradicionais consolidadas e fíxanse o resto das aliñacións a distancias determinadas polo informe para cada núcleo.

Respecto ao solo urbanizable, indicouse nas condicións de desenvolvemento do SUD–I21, SUD–I22 e SUD–R02 os requirimentos do informe sobre os novos accesos e aliñacións.

Respecto ao solo urbano, modificouse a aliñación cun ancho total de 14 m na rúa Nº 20 (plano de cualificación do solo S2–06).

No tocante ao segundo informe emitido, sinálase que as aliñacións tradicionais, resultado do traballo de campo, tómanse como válidas por referirse a edificacións como valados ou muros tradicionais, merecedores de ser conservados.

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Resumo do contido:

Emite informe no que se recolle a normativa de aplicación en materia de residuos urbanos, as definicións dos diferentes tipos de residuos urbanos, as competencias atribuíbles ás entidades locais e produtores, o réxime económico do servizo de recollida destes residuos, a xestión da recollida dos residuos comerciais, así como a xestión necesaria dos residuos no caso de abandono dalgunha actividade.



Instituto Galego de Vivenda e Solo

Resumo do contido:

Emite informe relativo ao cumprimento do Decreto 262/2007 polo que se aproban as normas do hábitat galego, no que se sinala que unha vez introducidas as emendas sinaladas a continuación poderá continuarse coa tramitación do documento do Plan.

Respecto do documento de normativa urbanística:

- Require que a Memoria xustificativa detalle cales son as áreas con ordenación detallada vixente no momento da revisión do Plan e cales serán consideradas sen ordenación detallada; xustifique o cumprimento dos apartados I.B.1, I.B.2, I.C. ou II.B.1., II.B.2 e II.C; xustificar a definición das condicións do espazo exterior de calidade a cumprir polo Plan e os seus posibles desenvolvementos, xustificar que as ordenanzas zonais en solo urbano consolidado cumpren os apartados II.A.1., II.B.1., II.B.2. e I.C. e xustificar que a ordenanza de garaxes colectivos en vivendas aplicable nos solos urbanizables e urbano non consolidado cumpre o apartado I.B.6.
- En canto ao espazo exterior de calidade, require que se cree un apartado específico no que se definan as súas características e condicións tendo en conta determinados aspectos detallados no informe.
- Para os patios, solicita definir condicións dimensionais e de calidade.
- No referente á vivenda exterior, require que a súa definición sexa acorde co apartado II.A.1.1. das NHG-07.
- No tocante ás ordenanzas de solo urbanos e solos urbanizables con ordenación detallada, solicita a revisión das condicións de compatibilidade do uso residencial con outros.
- En canto aos núcleos rurais, sinala que ata que non se redacte o Plan especial correspondente, cada licenza se estudará de xeito individual coa redacción das condicións para os espazos libres.
- No artigo 84 (Regulación dos Plans especiais de protección, rehabilitación e mellora do medio rural) require engadir unha memoria xustificativa e incluírse a definición de habitabilidade dos espazos exteriores comúns.
- No artigo 168 (Condicións xerais das edificacións en solo rústico) solicita engadir a necesidade de que as vivendas haberán de axustarse ao apartado I das NHG-07.
- No anexo I no que se inclúen as fichas das áreas de reparto de solo urbano non consolidado, require detallar en todas elas que os espazos libres e zonas verdes proxectadas deben cumprir coas condicións de espazo exterior de calidade.
- No anexo II, na Memoria de ordenación detallada do sector urbanizable delimitado SUD-R09, require emendar as referencias ao derogado Decreto 311/1992.
- Tanto nas fichas do anexo I como do anexo II solicita engadir como “criterio de ordenación” a necesidade de que os planeamentos de desenvolvemento sexan acordes co apartado I do anexo do Decreto 262/2007.

Respecto aos planos de clasificación do solo, sinala que o grao de definición da ordenación dos núcleos rurais non permite unha clara definición do espazo público, o que non garante a definición de espazos exteriores de calidade.

Valoración feita polo promotor:

Tras subliñar que o *Decreto 262/2007, do 20 decembro, polo que se aproban as normas do hábitat galego* foi derogado polo *Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia*, as modificacións requiridas polo informe foron incorporadas ao Plan da seguinte forma:

- Xustificouse o cumprimento das condicións de habitabilidade nos ámbitos remitidos a documentos urbanísticos posteriores, pois corresponde, segundo o artigo 4.2 do Decreto 29/2010, a definición das condicións de habitabilidade de cada ámbito ao planeamento que determine a nova ordenación detallada.
- Xuntouse á normativa urbanística un anexo cunha normativa xustificada conforme ao artigo 4 do Decreto 29/2010 verificando o cumprimento das características dun espazo exterior de calidade público ou privado, aplicable tamén a espazos libres e zonas verdes, en solo urbano, urbanizable e de núcleo rural.
- Regulouse o cumprimento do establecido para os garaxes colectivos no artigo 112 punto 4 da normativa urbanística do Plan, conforme ao apartado IB5 do anexo I do Decreto 29/2010.
- Definíronse as condicións dimensionais e de calidade dos patios de mazá e de parcela no capítulo 1º Normas xerais de edificación da normativa urbanística, conforme aos apartados IAI e IB2 do anexo I do Decreto 29/2010.
- Sinálase que se definirá vivenda exterior acorde aos apartados IAI e IB2 do anexo I do Decreto 29/2010.
- Incluíuse nos artigos 169 e 171 da normativa urbanística que as vivendas en solo rústico deberán cumprir o establecido no Decreto 29/2010.
- Corrixíronse as referencias ao derogado Decreto 311/1992 da memoria da ordenación detallada do SUD-R09.



Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

Resumo do contido:

Emite informe sobre os dereitos mineiros que poden estar afectados polo Plan, os cales son "Arpi" nº 3069 no Concello de Silleda, "Orazo" nº 3009 nos Concellos de Silleda e A Estrada, "Remesar" nº 2640 no Concello da Estrada, "El Castillo" nº 1963 nos Concellos da Estrada e Silleda, "Serrabal", "Riba das Bouzas" nº 2984 nos Concellos da Estrada e Padrón, "Leguiñas" nº 2691 no Concello da Estrada, "Trabadela" nº 2793 no Concello da Estrada, "Painceiros" nº 2578.1 nos Concellos da Estrada, Campo Lameiro e Cerdedo e "Caldelas Norte" nº 3117.

Valoración feita polo promotor:

Actualizouse no punto 5 Diagnóstico da situación actual, usos extractivos, da Memoria informativa, os permisos e concesións mineiras e o estado de tramitación no que se encontran neste momento, engadindo dúas novas concesións e suprimindo os caducados.

Dirección Xeral de Conservación da Natureza

Resumo do contido:

Emite informe solicitando a integración no Plan das seguintes cuestións:

- Solicita que o ámbito do LIC Sistema fluvial Ulla–Deza aparece representado en planos e consignado en normas como solo rústico de protección de espazos naturais.
- Respecto aos humidais ligados ao LIC anteriormente sinalado (Castro de Conso, As Pías, O Bao, A Filgueira, Cacharelas e Cancela de Insua), clasificar o seu solo como rústico de protección de espazos naturais.
- En canto aos humidais Encoro da Cabalgada, A Braña, Marco Afrende, Carpaceiras e Lagartóns, require se representen nos planos e se consignen nas normas como solo rústico de protección de augas e canles.
- Para os hábitats situados fóra da Rede Natura, require comprobar que, cando menos, os hábitats de carácter prioritario queden integrados no marco dos solos rústicos de protección de espazos naturais, xerándose como documentación unha cartografía coa totalidade dos hábitats existentes e os seus códigos correspondentes a escala, coma mínimo 1:25.000 e, como mínimo, no caso dos hábitats prioritarios establecéndose as condicións correspondentes para a protección dos seus valores naturais.
- Respecto das 18 áreas de interese natural identificadas polo Plan, solicita comprobar que queden integradas nos solos rústicos de protección de espazos naturais, emendándose as deficiencias resultantes da comprobación a realizar.
- No tocante ás árbores singulares, require incorporar, ben ás áreas de interese ambiental, ben ao catálogo de bens a protexer do Concello, a Sobreira de Balboa, a Camelia reticulada do Pazo de Oca, a Sobreira do Pazo de Valiñas e o Buxal do Pazo de Oca.

Finalmente informa que calquera modificación deste Plan que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá do seu informe correspondente.

Valoración feita polo promotor:

- Delimitouse o ámbito do Sistema fluvial Ulla – Deza nos planos de clasificación do solo a escala 1:5.000 clasificándose como solo rústico de protección de espazos naturais, con referencia na Memoria xustificativa e na normativa urbanística. Inclúíuse nesta delimitación as brañas ligadas ao Umia (Castro de Conso, As Pías, O Bao, A Filgueira, Cacharelas e Cancelas de Insua).
- Clasificouse o ámbito das brañas do Encoro da Cabalgada, A Braña, Marco Afrende, Carpaceiras e Lagartóns nos planos de clasificación do solo como solo rústico de protección de augas e canles, con referencia na normativa urbanística. No caso das brañas de Lagartóns, delimitase a área de protección conforme modificación do Proxecto sectorial Cidade do Moble da Estrada de abril de 2010, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, publicada a súa exposición pública no DOGA nº 83 do 4 de maio.
- Incorporáronse dúas árbores senlleiras ao catálogo de patrimonio cunha referencia dentro da ficha do Pazo de Oca: a Camelia reticulada e o Buxal do Pazo de Oca.
- Engadíronse outras dúas árbores senlleiras ao catálogo de patrimonio cunha referencia específica: a Sobreira de Balboa e a Sobreira do Pazo de Valiñas, esta última como Sobreira do Pazo de Cervela por chamarse así o pazo.
- Comprobase que as 18 áreas de interese ambiental identificadas polo Plan están clasificadas como solo rústico de especial protección de espazos naturais.
- Comprobase que os hábitats de carácter prioritario situados fóra da Rede Natura 2000 do Concello están clasificados como solo rústico de protección de espazos naturais, segundo actualización cartográfica enviada a través de correo electrónico en data 15 de xuño de 2010, por esta Dirección Xeral e o inventario do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino, para o que se xunta información gráfica sobre a súa localización.



Secretaría Xeral e do Patrimonio

Resumo do contido:

Emite informe sinalando que logo do estudo do documento, non se observan incidencias significativas na ordenación proposta que afecte ás distintas propiedades da Xunta de Galicia nesa cidade.

Deputación da Coruña. Servizo da Asistencia Técnica a Municipios

Resumo do contido:

Emite **informe favorable** con referencia exclusiva aos intereses patrimoniais ou de competencia viaria de carácter provincial, sen facer pronunciamento ningún sobre a súa oportunidade ou axuste á realidade.

2. Alegacións

Veciños

Resumo do contido:

Solicita a ampliación do solo rústico de protección agropecuaria

Valoración feita polo promotor:

Alegación estimada.

Veciños

Resumo do contido:

Solicita a ampliación do solo rústico de protección agropecuaria

Valoración feita polo promotor:

Alegación desestimada, xa que conforme coa Lei 9/2002 non é posible aceptar estas alegacións ao referirse a solo que deben delimitarse como de protección de augas ou espazos naturais.

Veciños

Resumo do contido:

Solicita a ampliación do solo rústico de protección forestal.

Valoración feita polo promotor:

Alegación estimada.

Veciños

Resumo do contido:

Solicita a ampliación do solo rústico de protección forestal.

Valoración feita polo promotor:

Alegación desestimada, xa que conformidade coa Lei 9/2002 non é posible aceptar estas alegacións ao referirse a solo que deben delimitarse como de protección de espazos naturais ou agropecuaria.

Unións Agrarias

Resumo do contido:

Solicita a modificación do solo rústico de protección paisaxística.

Valoración feita polo promotor:

Alegación estimada, corrixíndose a clasificación desta categoría de solo onde procede.

Unións Agrarias

Resumo do contido:

Solicita a modificación da normativa urbanística referente ás edificacións en solo rústico de protección agropecuaria.

Valoración feita polo promotor:

Alegación estimada. Modificouse a normativa urbanística no que se refire ás distancias mínimas en metros das explotacións gandeiras con base e sen base territorial e reconsiderando a clasificación de parte dos solos rústicos de protección de espazos naturais que pasan a ser solo rústico de protección agropecuaria e procédese



a desestimar o resto de peticións por estas estes xa contemplados na LOUGA.

Varios veciños

Resumo do contido:

Solicita clasificación de solo rústico de protección ordinaria.

Valoración feita polo promotor:

Alegación estimada de conformidade coa Lei 9/2002, ao non ter valores que precisen dunha especial protección.

Varios veciños

Resumo do contido:

Solicita clasificación de solo rústico de protección ordinaria.

Valoración feita polo promotor:

Alegación desestimada xa que de conformidade coa Lei 9/2002, debe ser de especial protección agropecuaria.

Veciños e asociación pola defensa do Val de Liñares

Resumo do contido:

Solicita preservar o espazo de Lagartóns como solo rústico, non desenvolvéndose ningún solo industrial.

Valoración feita polo promotor:

Alegación desestimada. Sinálase que se estableceron unha serie de propostas no ISA para garantir salvaguardar os valores ambientais e as condicións físicas e químicas das brañas e canles fluviais, ademais de subliñar que non procede retirar o Proxecto sectorial Cidade do Moble por ser un proxecto de consideración supramunicipal que o planeamento recolle e sobre o que o Plan non ten competencia para modificar a súa clasificación.

Veciños

Resumo do contido:

Solicita nova demarcación do cemiterio SX-C-P1, para previr problemas para a captación de auga.

Valoración feita polo promotor:

Alegación aceptada parcialmente. Establecéronse medidas preventivas no ISA para evitar calquera tipo de contaminación.

Comunidade de propietarios da urbanización A Robleda

Resumo do contido:

Solicita conservar e preservar unha carballeira lindante encravada no casco urbano.

Valoración feita polo promotor:

Alegación estimada parcialmente. Incluíuse a masa forestal no Catálogo do patrimonio.

Bloque Nacionalista Galego

Resumo do contido:

Fai as seguintes suxestións:

- Ter en conta os compromisos de edificación nos núcleos rurais e nas áreas de expansión.
- Cambiar a programación de execución das vías de sistemas xerais ao primeiro cuatrienio no X INF-01, e ao segundo cuatrienio no SX INF-02.
- Aumentar o número de estacionamentos obrigatorios como dotación de estándares nas fichas sinaladas dos solos urbanos non consolidados e nos solos urbanizables.
- Cambiar o sistema de execución e expropiación no Polígono industrial de Toedo.
- Apertura de comunicacións entre a fronte da rúa Antón Losada e o solo urbano non consolidado contiguo.
- Revisión da cartografía.

Partido Popular

Resumo do contido:

Considerouse que as consideracións feitas por este partido político constitúen un documento propio dunha comisión de seguimento da elaboración do Plan máis que alegacións ao mesmo.



ANEXO II.- Indicadores

PAISAXE

Puntos acondicionados para uso e aproveitamento da paisaxe

Descrición:	Número de puntos con calidade escénica adecuados para uso público
Unidade de medida:	Número de puntos acondicionados
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

NATUREZA

Espazos e áreas protexidas

Descrición:	Superficie (ha) espazos e áreas recollidos nalguna das categorías da <i>Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia</i> e da <i>Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade</i> así como os recollidos nos instrumentos de ordenación do territorio con incidencia no planeamento municipal.
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Consellería do Medio Rural
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

Sendas verdes

Descrición:	Acondicionamento de sendeiros para uso público dos espazos naturais
Unidade de medida:	km
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	Lonxitude total de sendas verdes
Actualización:	Anual

PATRIMONIO

Adecuación para uso público dos bens patrimoniais

Descrición:	Existencia de actuacións, instalacións ou infraestruturas para uso público do ben patrimonial. De xeito adicional, instalacións turísticas vinculadas ao ben patrimonial
Unidade de medida:	Unidades
Fonte de datos:	Catálogo de bens patrimoniais do Plan
Método de cálculo:	Número de elementos do patrimonio con funcionalidade recreativa, turística, etc.
Actualización:	Revisión ou vixencia do Plan

SOCIEDADE

Evolución da poboación

Descrición:	Avaliación da dinámica da poboación ao longo do tempo
Unidade de medida:	Número total de habitantes
Fonte de datos:	IGE
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual



SOCIEDADE

Taxa total de emprego

Descrición:	A taxa de emprego defínese como a proporción de persoas ocupadas dentro do grupo de poboación con idade comprendida entre os 15 e os 64 anos. A súa evolución positiva asóciase con maiores niveis de cohesión social e calidade de vida
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	IGE
Método de cálculo:	Nº persoas ocupadas/Nº persoas en idade activa
Actualización:	Anual

Crecemento vexetativo

Descrición:	Permite medir o crecemento ou a regresión en termos de poboación
Unidade de medida:	Habitantes
Fonte de datos:	IGE
Método de cálculo:	Nacementos-defuncións
Actualización:	Anual

Accesibilidade a servizos públicos (abundancia)

Definición:	Informa sobre o número de dotacións totais (existentes e proxectadas) no planeamento en relación ao número de habitantes
Unidade de medida:	Número de habitantes por tipo de equipamento
Fonte de datos:	Equipamentos definidos polo Plan
Método de cálculo:	Nº de habitantes totais/Nº de instalacións dun determinado tipo de equipamento (sociocultural, sanitario, etc.). Nota: farase o cálculo para cada un dos tipos de equipamentos
Actualización:	Revisión ou modificación do PXOM

Accesibilidade a servizos públicos (distancia)

Definición:	Informa sobre a distancia de desprazamento para acceder aos equipamentos contemplados no Plan
Unidade de medida:	m
Fonte de datos:	Equipamentos definidos polo Plan
Método de cálculo:	Distancia media entre instalacións dun determinado tipo de equipamento (sociocultural, sanitario, etc.). Nota: farase o cálculo para cada un dos tipos de equipamentos
Actualización:	Revisión ou modificación do PXOM

Acceso á sociedade da información

Descrición:	Porcentaxe de vivendas con conexión de banda ancha (ADSL, RDSI, rede de cable)
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	IGE
Método de cálculo:	Nº de vivendas con acceso a banda ancha/Nº total de vivendas
Actualización:	Anual

Presión urbana

Descrición:	Este indicador relaciona o número total de habitantes coa extensión superficial do Concello. A presión demográfica está relacionada con outros indicadores como o consumo de solo, de auga, de enerxía ou a produción de lixo
Unidade de medida:	Habitantes/km ²
Fonte de datos:	Padrón de habitantes
Método de cálculo:	Poboación total do Concello/Superficie total
Actualización:	Anual



SOCIEDADE

Superficie de parques públicos e zonas verdes en relación ao número de habitantes

Descrición:	Permite avaliar a dispoñibilidade de espazos de socialización e ocio ao aire libre
Unidade de medida:	m ² /hab.
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	m ² zonas verdes/Nº habitantes censados
Actualización:	Revisión do Plan

Vivenda de protección

Descrición:	Número de vivendas baixo algún réxime de protección
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Municipal. IGVS
Método de cálculo:	Número de vivendas baixo algún réxime de protección/Nº total de vivendas
Actualización:	Anual

ECONOMÍA

Déficit público adaptado á Administración local

Descrición:	Déficit público municipal ocasionado polos gastos correntes derivados do planeamento no tocante ao mantemento de infraestruturas (abastecemento, saneamento, etc.)
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Contabilidade municipal
Método de cálculo:	Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais
Actualización:	Anual

Especialización gandeira

Descrición:	Mide a importancia relativa dos diferentes tipos de cabanas gandeiras
Unidade de medida:	Número de cabezas de gando
Fonte de datos:	Anuario de estatística agraria (Consellería do Medio Rural)
Método de cálculo:	Número de cabezas de gando para os seguintes tipos de cabanas: vacún de carne, vacún de leite, aves, porcino, equino e caprino
Actualización:	Anual

Especialización agrícola

Descrición:	Reparto de superficies dos diferentes tipos de terras agrarias en relación á SAU
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Anuario de estatística agraria (Consellería do Medio Rural)
Método de cálculo:	Superficie relativa en relación á SAU dos seguintes tipos de terras agrarias: prados, pradarias, pasteiros, cultivos herbáceos (cereais, forraxeiros, tubérculos, leguminosas, flores e viveiros) e cultivos leñosos (froiteiras, viñado)
Actualización:	Anual

Especialización forestal

Descrición:	Reparto de volumes de cortas de madeira por especies forestais
Unidade de medida:	m ³
Fonte de datos:	Anuario de estatística agraria (Consellería do Medio Rural)
Método de cálculo:	Volume de corta de madeira por especie forestal
Actualización:	Anual



ECONOMÍA

Intensificación agrogandeira

Descrición:	A intensificación se mide en termos de carga gandeira
Unidade de medida:	UGM (unidades de gando maior)
Fonte de datos:	Anuario de estatística agraria (Consellería do Medio Rural)
Método de cálculo:	UGM de gando porcino, avícola e vacún de leite baixo sistemas intensivos de produción
Actualización:	Anual

Empresas con sistema de xestión ambiental

Descrición:	Informa da integración da compoñente ambiental nos sistemas de produción existentes. Na actualidade os sistemas máis estendidos de xestión ambiental son a norma ISO 14001 e o sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS)
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Rexistro EMAS: CMATI; ISO 14001: Consellería de Economía e Industria (www.observatoriocalidad.org)
Método de cálculo:	Nº de empresas con sistema implantado de xestión ambiental/ nº total de empresas
Actualización:	Anual

Agricultura ecolóxica

Descrición:	Indica o grao de implantación de sistemas de explotación agrícola e gandeira orgánicos
Unidade de medida:	ha
Fonte de datos:	CRAEGA (Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia)
Método de cálculo:	Sumatorio da superficie agrícola ecolóxica
Actualización:	Anual

Empresas con Autorización Ambiental Integrada

Descrición:	Número de empresas con Autorización Ambiental Integrada (IPPC)
Unidade de medida:	Nº empresas
Fonte de datos:	Rexistro IPPC - CMATI
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

MEDIO RURAL

Superficie agraria útil (SAU)

Descrición:	Indicador da vocación agrogandeira do Concello en termos de superficie territorial
Unidade de medida:	ha
Fonte de datos:	Consellería do Medio Rural
Método de cálculo:	Sup (ha) de terras labradas e pasteiros
Actualización:	Anual

Abandono de terras agrarias

Descrición:	Indica o grao de abandono de parcelas de SAU. Este indicador está relacionado coa perda de poboación, co incremento de perigo de incendio e coa perda de biodiversidade de especies de flora e fauna vinculadas a hábitats agrarios
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Consellería do Medio Rural
Método de cálculo:	SAU (ha) de terreos abandonados/SAU (ha)
Actualización:	Anual



MEDIO INDUSTRIAL

Grao de ocupación de solo industrial de nova creación

Descrición:	Informa sobre o grao de ocupación do solo urbanizable de uso industrial recollido no PXOM e desenvolvido polo Plan parcial ou Plan de sectorización correspondente
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Promotor
Método de cálculo:	(Parcelas ocupadas/Parcelas totais)*100 Nota: O cálculo faise para cada un dos sectores de solo de uso industrial
Actualización:	Anual

MOBILIDADE

Cobertura do transporte público interurbano

Descrición:	Avalía o acceso ao transporte público da poboación dos Concellos que non forman parte das Rexións urbanas e Áreas urbanas identificadas polas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia. Defínese como a poboación con servizo de transporte público a menos de 750 m
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Base de datos de transporte público da D.X. de Mobilidade (CMATI); sistema de asentamentos poboacionais; Nomenclátor de poboación do INE.
Método de cálculo:	Poboación das entidades singulares de poboación dentro da área de influencia das paradas de transporte público
Actualización:	Anual

Distribución modal de mobilidade obrigada

Descrición:	Emprego dos diferentes modos de transporte nos itinerarios de mobilidade obrigada
Unidade de medida:	% sobre o total de desprazamentos
Fonte de datos:	Concesionarias de liñas de transporte público; RENFE. Enquisa de mobilidade das persoas residentes en España (Ministerio de Fomento); datos municipais (Ni/Nt)*100
Método de cálculo:	Ni: Nº de desprazamentos por modo de transporte Nt: Nº total de desprazamentos obrigados Os modos de transporte a considerar son: coche ou moto, autobús urbano, autobús interurbano, tren, a pé, bicicleta e marítimo
Actualización:	Anual

Relación entre o lugar de residencia e o traballo

Descrición:	Informa do alcance espacial da necesidade de mobilidade obrigada (laboral)
Unidade de medida:	% sobre o total de desprazamentos
Fonte de datos:	Enquisa de mobilidade das persoas residentes en España (Ministerio de Fomento); datos municipais (Ni/Nt)*100
Método de cálculo:	Ni: Nº de desprazamentos en cada un dos ámbitos territoriais identificados Nt: Nº total de desprazamentos obrigados Os ámbitos territoriais a considerar son: no mesmo domicilio, no mesmo Concello, nun Concello da mesma provincia, nun Concello doutra provincia, noutra comunidade autónoma e noutro país
Actualización:	Anual



MOBILIDADE

Adaptación do transporte público ás persoas de mobilidade reducida

Descrición:	Indica o grao de accesibilidade dos medios de transporte colectivo a persoas con mobilidade reducida
Unidade de medida:	% da flota adaptada
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	Datos proporcionados pola empresa concesionaria do servizo
Actualización:	Anual

ENERXÍA

Consumo total de enerxía en equipamentos municipais

Descrición:	Consumo anual de enerxía (electricidade, calefacción e auga quente) polos equipamentos municipais por habitante censado no Concello
Unidade de medida:	kWh/habitante
Fonte de datos:	Facturas de electricidade, calefacción e auga quente; Padrón de habitantes
Método de cálculo:	Consumo total de enerxía/Número de habitantes empadroados
Actualización:	Anual

Produción autónoma de enerxía en equipamentos municipais

Descrición:	Número de edificios ou equipamentos con produción autónoma de electricidade, auga quente ou calefacción, mediante sistemas de paneis solares térmicos ou fotovoltaicos, eólica, xeotérmica ou caldeiras de biomasa con subministro local
Unidade de medida:	Número de edificios ou equipamentos
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

Venda de combustibles de automoción

Descrición:	Datos da venda de combustibles de automoción por habitante
Unidade de medida:	t (toneladas)
Fonte de datos:	Asociación Española de Operadores de Produtos Petrolíferos; boletín de hidrocarburos da Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos (Ministerio de Industria, Turismo y Comercio)
Método de cálculo:	Volume total de combustibles para automoción (descártase o gasóleo agrícola)/Nº habitantes empadroados
Actualización:	Anual

Sistemas de iluminación de baixo consumo

Descrición:	Grao de implantación de sistemas de iluminación de baixo consumo en infraestruturas e equipamentos colectivos existentes ou programados
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	Nº sistemas de iluminación de baixo consumo/Nº sistemas de iluminación totais
Actualización:	Anual



ATMOSFERA

Emisións á atmosfera de orixe industrial

Descrición:	Volume de emisións á atmosfera xeradas polas instalacións de produción industrial emprazadas no Concello. Este indicador abrangue as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI): CO ₂ , CH ₄ , N ₂ O, HFC, SF ₆ , PFC
Unidade de medida:	t/ano
Fonte de datos:	Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes EPER-PRTR
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

Exposición da poboación á contaminación acústica

Descrición:	Ofrece información sobre a porcentaxe de poboación afectada polo ruído segundo o índice de ruído Lden nos eixos viarios, ferroviarios e aeroportos
Unidade de medida:	Nº de persoas, vivendas, hospitais e centros educativos
Fonte de datos:	Mapas estratéxicos de ruído estatais (CEDEX), autonómicos (Dirección Xeral de Infraestruturas, CMATl)
Método de cálculo:	Nº de persoas, vivendas, hospitais e centros educativos por intervalos de valores de Lden de 55, 65 e superiores aos 75 dB(A)
Actualización:	Cada cinco anos

Exposición da poboación á contaminación electromagnética

Descrición:	Poboación dentro do radio de afección de fontes de contaminación electromagnética (instalacións de telecomunicacións, liñas eléctricas, subestacións eléctricas, redes WIMAX) emprazadas en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural
Unidade de medida:	Nº habitantes
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	Considérase zona de afección a recomendación do Consello da Unión Europea de limitar a densidade de corrente eléctrica inducida a 2 mA/m ² en sitios onde poida permanecer un tempo prolongado e calcúlanse de forma teórica uns niveis de referencia para o campo electromagnético de 50 Hz: 5 kV/m para o campo eléctrico e 100 µT para o campo electromagnético (Fonte: Red Eléctrica Española)
Actualización:	Revisión do Plan

CICLO HÍDRICO

Abastecemento de auga municipal

Descrición:	Avalía o consumo de auga subministrado pola rede de abastecemento municipal, así como as perdas rexistradas na rede de distribución. Considera o consumo total dos sectores doméstico, comercial e industrial, os equipamentos e servizos municipais e, para o caso de Concellos rurais, o consumo por explotacións agropecuarias
Unidade de medida:	litros/(persoa equivalente*día)
Fonte de datos:	Empresa subministro
Método de cálculo:	Abastecemento diario (consumo doméstico+consumo industrial+consumo comercio+consumo equipamentos e servizos municipais+perdas da rede de distribución+consumo agrogandeiro)/Nº habitantes
Actualización:	Trimestral

Saneamento de augas residuais

Descrición:	Avalía a porcentaxe de poboación conectada a sistemas de saneamento
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Concello; EIEL
Método de cálculo:	Poboación conectada á rede de saneamento/Poboación total
Actualización:	Anual



CICLO HÍDRICO

Emisións totais á auga por actividade económica

Descrición:	Informa sobre o volume de emisións á auga xeradas pola actividade económica
Unidade de medida:	t/ano
Fonte de datos:	Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes
Método de cálculo:	Produción total de emisións
Actualización:	Anual

Número de puntos de vertido

Descrición:	Número de puntos de vertido a ríos
Unidade de medida:	Unidades
Fonte de datos:	Inventario de vertidos do Organismo de bacía
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

CICLO DE MATERIAIS

Xeración de residuos urbanos (RU)

Descrición:	Cantidade de residuos urbanos producidos
Unidade de medida:	kg/habitante
Fonte de datos:	Municipal. Empresa concesionaria do servizo
Método de cálculo:	Total anual RU recollidos/Número habitantes
Actualización:	Anual

Xeración de residuos perigosos

Descrición:	Cantidade total de residuos perigosos xerados por instalacións industriais e empresariais emprazadas no Concello
Unidade de medida:	t de residuos perigosos xerados
Fonte de datos:	Sistema de Información de Residuos de Galicia – CMATI
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

Recollida selectiva de RU

Descrición:	Mide a eficacia da recollida selectiva. Calcula a porcentaxe entre a recollida selectiva neta (inclúe aquelas fraccións contabilizadas na recollida selectiva bruta descontando as cantidades de materiais considerados improprios en cada sistema de recollida) e a recollida selectiva bruta (cálculo incluíndo o total dos residuos recollidos)
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Empresas recollida selectiva
Método de cálculo:	Residuos xerados-improprios/Residuos xerados
Actualización:	Anual

Rutas de recollida de RU

Descrición:	Informa das distancias recorridas polo servizo de recollida de lixo en función do número de habitantes cubertos polo servizo. Da idea do grao de dispersión das entidades de poboación e do consumo enerxético derivado do servizo de recollida de lixo
Unidade de medida:	m/habitante
Fonte de datos:	Empresas recollida selectiva
Método de cálculo:	Lonxitude total das rutas de recollida/Nº total de usuarios cubertos polo servizo
Actualización:	Anual



SOLO

Consumo de solo planificado

Descrición:	Indicador do grao de consumo de solo potencial (a teito de planeamento) por urbanización no Concello				
Unidade de medida:	%				
Fonte de datos:	PXOM				
Método de cálculo:	(Superficie (ha) de núcleo rural+urbano consolidado+urbanizable delimitado+urbanizable non delimitado+sistemas xerais)/Superficie (ha) do Concello				
Actualización:	Modificacións puntuais ou revisións do PXOM				

Consumo de solo executado

Descrición:	Indicador do grado de consumo de solo real (executado) por urbanización no Concello			
Unidade de medida:	%			
Fonte de datos:	Municipal			
Método de cálculo:	(Superficie (ha) de núcleo rural+urbano consolidado+urbano non consolidado +sistemas xerais)/Superficie (ha) do Concello			
Actualización:	Nota: considéranse os urbanizables desenvolvidos como urbano a efectos do cálculo, aínda que conserven a categoría de urbanizable ata a revisión do PXOM Cada vez que se execute un plan de desenvolvemento			

Emisións totais ao solo

Descrición:	Volume de emisións ao solo xerado pola actividade económica desenvolvida no Concello			
Unidade de medida:	t/ano			
Fonte de datos:	Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes			
Método de cálculo:	Produción total de emisións ao solo			
Actualización:	Anual			

Superficie queimada en incendios forestais

Descrición:	Superficie queimada por incendios forestais
Unidade de medida:	ha
Fonte de datos:	Consellería do Medio Rural
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

Bens afectados por inundacións

Descrición:	Valor económico de bens construídos afectados por inundacións e avenidas torrenciais
Unidade de medida:	€
Fonte de datos:	Consortio de Compensación de Seguros. Axencia Galega de Emerxencias
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

EDIFICACIÓNS

Vivendas baleiras

Descrición:	Número de vivendas baleiras
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Censo de vivendas. INE
Método de cálculo:	Nº vivendas baleiras/Nº total de vivendas
Actualización:	Cada 10 anos



EDIFICACIÓNS

Edificacións rehabilitadas

Descrición:	Mide a importancia da rehabilitación
Unidade de medida:	Unidades
Fonte de datos:	Nº de licenzas para rehabilitación de vivendas – Concello
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual